

## **ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 27 DE OUTUBRO DO 2008.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinte e sete de outubro de dous mil oito; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente; Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez e Dona Manuela Iglesias Collarte.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández, estando tamén presente a Interventor Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

### **1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 20 de outubro do dous mil oito (Ordinaria).

### **2.- OBRAS MAIORES.-**

Non houbo.-

### **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.**

1.- Escrito da empresa Aqualia con data 24 de outubro deo 2008 nº RE 6476, relativa a soliciturde de acometida de saneamento para estacin de servicio de Campsa en Ribadavia.

2.- Escrito da empresa Gestima S.L. con data de Rexistro de Entrada 22 de outubro de 2008 numero RE 6429, relativo a compensacion economica sustitutoria para manter o equilibrio economico da concesion.

3.- Escrito de Don Camilo Rodriguez Alonso con data de Rexistro de Entrada 22 de outubro de 2008 numero RE 6427, relativo a nulidade de pleno dereito do acordo adoptado na Xunata de Goberno Local de 22 de setembro de 2008. A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular deciden que polo Sr. Secretario se lle conteste respecto das actuacións practicadas.

### **ACOMETIDAS DE AUGA.-**

“Visto o escrito presentado por **Don Ramón Martínez Miguelez**, con domicilio na Ctra. Filgueira nº 37, 1º dcha., no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmobile, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo

4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo".

“Visto o escrito presentado por **Don Ramón Martínez Miguelez**, con domicilio na Ctra. Filgueira nº 37, 1º izq., no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo".

“Visto o escrito presentado por **Don Ramón Martínez Miguelez**, con domicilio na Ctra. Filgueira nº 37, 2º dcha, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo".

“Visto o escrito presentado por **Don Antonio Lage Durán**, con domicilio na Ctra. N-120 Km 597, B 1, 4ºB, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo".

“Visto o escrito presentado por **Don Manuel Boullosa Rodriguez**, con domicilio na rúa Muñoz Calero nº 41, 3º dcha, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo".

“Visto o escrito presentado por **Don Arturo Meiriño Chousal**, con domicilio en A Plazuela nº 18, Ventosela, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de

acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo".

“Visto o escrito presentado por **Dona María Paulina Domínguez García**, con domicilio na rúa Progreso nº 15, 2º, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo".

“Visto o escrito presentado por **Don Rogelio Domínguez García**, con domicilio na rúa Progreso nº 15, 1º, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo".

“Visto o escrito presentado por **Comunidad Rogelio y Paulina Domínguez García**, con domicilio na rúa Progreso nº 15, 3º no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo".

“Visto o escrito presentado por **Don Jose Antonio Mosquera Pérez**, con domicilio na rúa Hermanos Álvarez Araujo nº 27, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo".

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

1.- Comunicacion do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Ourense con data de Rexistro de Entrada 23 de outubro de 2008 RE nº 6492, relativa a sentancia nº 192/2008 interpuesta por Don Antonio Dominguez Lorenzo actuando en su propio nombre

y representación contra o Proxecto reformado de acondicionamento da Alameda do Concello.

## **5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

### **APROBACIÓN DE PROXECTO.-**

Dase conta por parte do Sr. Alcalde do proxecto “*DE ACTUACIONES PARA LA MEJORA DE LA ACCESIBILIDAD PLAZA FONTE DA PRATA. CASCO HISTÓRICO RIBADAVIA*” polas arquitectos Dona Susana Alberte Sendin e Dona Mercedes Álcarez López con un presuposto de execucion material de 152.778,12 € e cun total de presuposto de execucion de contrata de 210.849,93 €

No expediente constan os seguintes documentos:

1º.-Acta de replanteo incorporada ao Proxecto e realizada polos arquitectos citadas de data 30 de maio do 2008.

2º- Informe do Director Xeral de Patrimonio Cultural de data 23 de setembro de 2008 no que se conclue o seguinte:”*Autorizar a intervención sempre que se axuste ó proxecto básico e de execución da actuación para mellora da accesibilidade da praza Fonte da Prata – Casco histórico de Ribadavia, e se cumpra dende o punto de vista arqueolóxico o considerado nas Comisións Territoriais de Patrimonio Histórico de 19 de decembro de 2007 e do 17 de setembro de 2008, e que se transcribe no punto nº 1 dos antecedentes desta resolución*”.

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular a corda por unanimidade a aprobación do Proxecto denominado ”de actuacións para a mellora de la accesibilidade plaza Fonte da Prata - Casco Histórico Ribadavia”.

### **CONTRATACION MEDIANTE PROCEDIMIENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE.-**

Dase conta da proposta da Alcaldía relativa a aprobación do expediente de contratación do procedemento negociado sen publicidade de Actuacions para a mellora da accesibilidade da plaza Fonte da Prata.

No expediente constan os seguintes elementos:

1º- Convenio de colaboración entre a Delegación Provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia e o Concello de Ribadavia para a Execución dunha actuación para a mellora de accesibilidade da praza “Fonte da Prata”. Casco Histórico de Ribadavia (Ourense).

2º- Proxecto de data Mayo do 2008 denominado “Actuaciones para la mejora de la accesibilidad, Plaza “Fonte da Prata” Casco Histórico Ribadavia”.

3º- Proposta de alcaldía de data 24.10.08 en cumprimento do art. 22 da Lei 30/2007.

4º- Acta de replanteo incorporada ao Proxecto e realizada polos arquitectos citadas de data 30 de maio do 2008.

5º- Resolución do Director Xeral de Patrimonio Cultural de data 23 de setembro de 2008 a que: “*autorizar a intervención sempre que se axuste ó proxecto básico e de execución da actuación para mellora da accesibilidade da praza Fonte da Prata – Casco*

*Histórico de Ribadavia, e se cumpra dende o punto de vista arqueolóxico o considerado nas Comisións territoriais da Patrimonio Histórico de 19 de decembro de 2007 e do 17 de setembro de 2008, e que se transcribe como punto nº 1 dos antecedentes desta resolución”, destacando a necesidade de presentación dun proxecto de control arqueolóxico que será elaborado por técnico competente previa autorización do correspondente proxecto polo Director Xeral de Patrimonio Cultural.*

6º- Informe xurídico de data 24 de outubro de 2008 no que se fan as seguintes consideracións:

*1ª. De conformidade cos artigos 107 e 126 e seguintes da Lei de Contratos , no expediente debe constar o correspondente proxecto, de data maio de 2008.*

*2ª. No expediente consta o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que cumpre os requisitos da normativa contractual, a xuízo desta Secretaría de data 24 de outubro de 2008.*

*3ª. Antes da adopción do acordo polo órgano competente, procede á emisión de informe de existencia de consignación orzamentaria, sen prexuízo da fiscalización de legalidade por parte da Intervención municipal de acordo co art. 93 da Lei 30/2007 de data 27 de outubro de 2008, emitíndose o citado con data 27 de outubro de 2008.*

*4ª. A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para proceder á aprobación do expediente de contratación conforme ao establecido no Decreto de Delegación de competencias de Alcaldía en Xunta de Goberno.*

*5ª. Unha vez aprobado o expediente de contratación, procederase á invitación de tres empresas sen que sexa necesaria a publicación nos BO pertinentes de conformidade co artigo 161.2º ao ser o contrato de cuantía inferior a 200.000 euros, se temos en conta que o concepto “importe” dos procedementos negociados implica a exclusión do iva, en tanto non recaía pronunciamento xurisprudencial ao respecto.*

*6ª. De conformidade co art. 295 parágrafo 1º da Lei 30/2007 nos procedementos negociados que esixan publicidade será preceptiva a constitución da mesa de contratación, polo cal no caso concreto é potestativa.*

*7ª. En principio procedería á publicación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares de conformidade co artigo 122 do T.R.R.L. en relación coa STS de 22-06-04, non obstante, a nova Lei 30/2007 deroga expresamente o art. 122 do TRRL de xeito que os pregos non son obxecto de publicación.*

*8ª. Consta no expediente a resolución do Director Xeral de Patrimonio Cultural na que se autoriza a execución das obras condicionadas a que o promotor deberá presentar un proxecto de control arqueolóxico.*

#### **CONCLUSIÓN.-**

*Infórmase favorablemente en canto á legalidade do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e no referido á inclusión da correcta documentación no expediente de contratación.*

7º- Informe de intervención no que se fan as seguintes consideracións:

*“Consta Convenio de Colaboración entre la Delegación Provincial de la Conselleria de Política Territorial, Obras Públicas y Transporte y el Ayuntamiento de Ribadavia para la ejecución de una actuación para la mejora de accesibilidad de la plaza Fuente de la Plata. Casco Histórico de Ribadavia, por un importe de 105.447,47 euros.”*

*“Dado que en el vigente presupuesto consta una aportación de la Cotop de 100.000 euros y la aportación definitiva es de 105.447,47 , deberá tramitarse expediente de generación de créditos ,, por importe a mayores con cargo a compromisos firmes de*

*Administraciones Públicas para financiar gastos que por su naturaleza son competencia de esta Administración Municipal”.*

*“Por todo lo expuesto, cabe concluir que, en relación con la actuación que se pretende llevar a cabo, se informa favorablemente con la salvedad señalada anteriormente”.*

8º.- Prego de Clausulas Administrativas Particulares de data 24.10.08.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade o seguinte:

1º.- Aprobar o expediente de contratación conforme as previsions dos artigos 93 e disposición adicional 2º da L.C.S.P..

2º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares, abrir a fase de licitación mediante invitación a tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato.

### **ADQUISICION DE BEN**

Dase conta por parte do Secretario do expediente iniciado a solicitude de alcaldía relativo a compra dun terreo ubicado na estrada de Filgueira no centro da parroquia que se vai destinar a zona verde. No expediente consta a seguinte documentación en cumprimento dos artigos 112 e seguintes da Lei 33/2003 de Patrimonio das Administracións Públicas en relación cos artigos 11 e seguintes de reglamento de bens das Entidades Locais.

1.-Convenio de Colaboración entre Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e Concello de Ribadavia para a dotación da parroquia de Francelos dunha zona verde de data 18 de setembro de 2008.

2.-Memoria suscrita pola Alcaldía relativa a situación do ben e as súas características de data 2 de maio de 2008.

3.- Informe xurídico de data 24 de outubro de 2008 no que se fan as seguintes consideracións:

*“Primeira.-O artigo 11 do Regulamento de Bens establece que a adquisición de bens a título oneroso esixirá o cumprimento dos requisitos contemplados na normativa reguladora da contratación das Corporacións Locais. Tratándose de inmobles esixirá ademais informe previo pericial e sendo bens de valor histórico ou artístico requirirase o informe do órgano estatal ou autonómico competente sempre que o seu importe exceda do 1% dos recursos ordinarios do Orzamento da Corporación ou do límite xeral establecido para contratación directa en materia de subministrados.*

*Segunda.-Neste sentido o artigo 4 da Lei 30/2007 exclúe da aplicación da Lei os contratos privados de adquisición, postura que evoluciona fronte o artigo 9 do texto refundido 2/2000 da Lei de contratos que establece que a preparación e adxudicación dos contratos privados se rexiría pola Lei de contratos, postura actualmente superada de xeito que os contratos privados de adquisicións de bens regularanse na súas preparacións adxudicación efectos e extinción pola Lei 33/2003 de Patrimonio das Administracións públicas e restante lexislación aplicable.*

*Nun principio a doutrina, incluso avalada pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, considerou que a referencia á normativa contractual realizábase á propia Lei de contratos e así o ditame 50/98 da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa que permitía acudir a un procedemento negociado sen publicidade do contrato que máis se lle asemellase para adquisición dun ben. Non obstante trala entrada en vigor da nova*

*Lei de Patrimonio das Administracións Públicas parece que esta sería aplicable en canto que o 9.1 utiliza a expresión “en defecto de normas administrativas específicas”, entendendo o subscribinte que estas normas administrativas específicas serían as contidas na propia Lei de Patrimonio, o cal trala entrada en vigor do artigo 4 da Lei 30/2007 de contratos do sector público queda absolutamente claro porto que exclue expresamente as normas desta Lei en canto a adquisición de bens patrimoniais.*

*Terceira.-Da regulación da Lei de Patrimonio poderíamos destacar os seguintes artigos respecto da adquisición de bens:*

*a)O artigo 110, parágrafo 1º.- establece que os contratos, convenios e demais negocios xurídicos sobre bens e dereitos patrimoniais rexeranse, en canto á súa preparación e adxudicación por esta Lei e as súas disposicións de desenvolvemento e no non previsto nestas normas pola Lei de Contratos das administracións públicas, e en canto a efectos e extinción rexeranse polas normas de dereito privado.*

*b)O artigo 111 sinala que os contratos, convenios e demais negocios xurídicos sobre bens e dereitos patrimoniais están suxeitos ao principio de liberdade de pactos.*

*c)O artigo 112 recolle a posibilidade de redacción de pregos que deberán de ser informados polo servizo xurídico e no seu parágrafo 4º tamén fai referencia á necesaria certificación da existencia de crédito previa á realización do correspondente gasto.*

*d)O artigo 113 recolle a obriga de formalizar a adquisición en escritura pública.*

*e)O artigo 114 sinala que as valoracións, taxacións, informes técnicos poderán ser efectuadas polo persoal técnico dependente do departamento que administre os bens ou dereitos ou que teña interesada a súa adquisición ou por técnicos facultativos do Ministerio de Facenda.*

*En xeral deses artigos poderíase deducir o seguinte:*

*1º.-O expediente patrimonial para adquisición de bens deberá cumprir en primeiro lugar os requisitos establecidos na Lei de Patrimonio e supletoriamente no non regulado por esta pola Lei de Contratos das Administracións Públicas, co cal poderíamos deducir unha serie de trámites xerais no caso de non atoparnos ante un contrato menor, como son a necesidade dun expediente de contratación que deberá incluír o informe do servizo xurídico correspondente, correspondendo neste caso ao secretario, a fiscalización previa e a retención de crédito por parte da Intervención a necesidade de elaborar un prego de cláusulas administrativas particulares sen prexuízo da posibilidade de elaboración de prescricións técnicas, no seu caso, a valoración pericial previa na que se acredite a contía económica do ben en cuestión e así mesmo a oportunidade de proceder a adquirir o mesmo e por último tamén sería preciso proceder á formalización do contrato en escritura pública non sendo suficiente coa elevación do acordo a simple documento administrativo.*

*Cuarta.-Respecto da forma de adquisición considero de aplicación directa o artigo 116, parágrafo 4º, da Lei 33/2003 que establece como norma xeral a adquisición mediante concurso público, salvo unha serie de supostos que permiten a adxudicación directa motivada polas peculiaridades da necesidade de satisfacer, das condicións do mercado inmobiliario, da urxencia de adquisición resultante de acontecementos imprevisibles ou da especial idoneidade dun ben. No caso concreto, como se desprende do informe técnico municipal, no que queda acreditada a especial idoneidade do ben sería aplicable a adquisición directa do mesmo.*

*Quinta.-Por último unha vez adquirido o ben, de conformidade co artigo 36 da Lei 33/2003, o Concello de Ribadavia deberá proceder a inscribir o ben, previa formalización do correspondente contrato, no Rexistro da Propiedade.*

### **CONCLUSIONES:**

*Infórmase favorablemente o contido do expediente de contratación”.*

4.-A tasación do ben ou o informe pericial ao que se refire o artigo 11 de regulamento de bens realizado pola arquitecta Dona Mercedes Álvarez López con data 27 de outubro de 2008.

5.-Informe de intervención sobre consignación orzamentaria de data 21 de outubro de 2008 no que se conclue o seguinte:

*“Deberá tramitarse expediente de generación de créditos, por importe referenciado con cargo a compromisos firmes de Administraciones Públicas para financiar gastos que por su naturaleza son competencia de esta Administración Municipal”.*

*“Por todo lo expuesto, cabe concluir que, en relación con la actuación que se pretende llevar a cabo, se informa favorablemente con la salvedad señalada anteriormente”.*

Deliberado sobre o particular a Xunata de Goberno Local acorda por unanimidade o seguinte:

1º.- Aprobar o expediente Patrimonial de adquisición dun ben sito na estrada de Filgueira no centro da parroquia identificado coa parcela catastral nº 9812322NG6891S0001WS. Linda Norte, Rogelio Alonso Losada e camiño; Sur, Carlos Alonso Losada, Natalicio Seoane e José González; Este, José González e Benita Fernández; Oeste, estrada de Filgueira a Ribadavia.

2º.-Adquirir a Don Antonio González Deaño con D.N.I. núm. L-3211918-Z, o citado ben cunha superficie según escritura publica de data 18-06-1959, outorgada ante Notario Don Vicente Caamaño Fernández, escritura de ratificación de data 11.07.02, inscrita no Rexistro da Propiedade de Ribadavia (finca 7562), de 6.436 m<sup>2</sup> por un importe de 225.000 euros I.V.E. incluído.

3º.-Facultar o Sr. Alcalde para a sinatura dos documentos precisos para a formalización da adquisición do referido ben.

### **APROBACION DO PLANO DE SEGURIDADE E SAUDE.-**

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación ao Plan de Seguridade e Saúde para a obra denominada “Excavación da terraza Intermedia do Castelo dos Sarmiento”, plan que se atopa informado favorablemente polo coordinador de Seguridade e Saúde, don Carlos Jorreto Veiga.”

### **GASTOS E FACTURAS VARIAS.-**

“Vistas as facturas e demais documentos xustificativos das prestacións que se expoñen á fiscalización conforme da Intervención municipal e considerando que, existe crédito orzamentario no orzamento de gastos para o exercicio 2008, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, e en uso das facultades en canto á xestión do gasto conferidas polo RD Lexislativo 2/2004 e RD 500/1990, delegadas pola Presidencia, acorda:

Primeiro.- O recoñecemento e liquidación das obrigas e polos importes que a continuación se expoñen, con imputación ás partidas correspondentes:

FRANCISCO JAVIER SANCHEZ MORENO, campaña e elaboración de

publicacións dentro da campaña de normalización lingüística, por importe de 3.178,40 euros.

Segundo.- Convalidar a aprobación das facturas realizadas por Resolución da Alcaldía e que seguido relacionanse:

CHACOTO S.L. ACION, recoñecemento a conta de traballos de montaxe, demontaxe, rotulación e cartelería da Mostra Internacional de Teatro 2008, por importe de 6.000 euros.

ASOCIACION LUDICO RECREATIVA DE OCIO E TEMPO LIBRE XARAIBA, recoñecemento a conta do servizo de Ludoteca municipal, período 15-09-09 ó 10-10-08, por importe de 5.000 euros.

Terceiro.- Comunicar este acordo e ordenar aos servizos de Intervención e Tesourería a súa contabilización e pago”.

#### **6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as tres do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO